



FACULTADE DE FILOLOXÍA  
DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA GALEGA

# **A Literatura Infantil e Xuvenil galega**

Blanca-Ana Roig Rechou

**GUÍA DOCENTE E MATERIAL DIDÁCTICO**  
**2011/2012**

FACULTADE DE FILOLOXÍA. DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA GALEGA

AUTORA: Blanca-Ana Roig Rechou

Edición electrónica. 2011

ADVERTENCIA LEGAL: Reservados todos os dereitos. Queda prohibida a duplicación total ou parcial desta obra, en calquera forma ou por calquera medio (electrónico, mecánico, gravación, fotocopia ou outros) sen consentimento expreso por escrito do autor.

## ÍNDICE

### **1. Datos descriptivos da materia**

**Materia:** A Literatura Infantil e Xuvenil galega

**Códigos:** G5051342

**Tipo de Materia, Ciclo e Curso no que se imparte:** MAIOR PLUS do Grao en Lingua e Literatura Galegas

**Número de créditos:** 6

**Idioma no que se imparten as clases:** Galego

#### **1.1. Requisitos**

##### 1.1.1. Esenciais

Non se establecen requisitos esenciais para esta materia.

##### 1.1.2. Recomendábeis

A materia resultará máis doada e proveitosa para o alumnado que posúa afección á lectura, coñecementos básicos de Historia da Literatura Infantil e Xuvenil Universal,

de Historia da Educación e de Psicoloxía evolutiva en xeral, así como interese e coñecemento básico da cultura e da literatura galega en particular.

## **1.2. Profesor encargado da materia**

Blanca-Ana Roig Rechou

## **1.3. Horario e lugar das titorías**

Primeiro semestre: Luns: 12-14 horas. Martes 12-14 horas.

Segundo semestre: Martes: 10-14 horas.

Titorías on-line: venres de 12-14 horas. Por este medio deben solicitarse as titorías presenciais.

### **Localización:**

Departamento: Filoloxía Galega

Facultade: Facultade de Ciencias da Educación

Gabinete “Filoloxía Galega” terceiro andar.

Tlf. 881812002

Enderezo electrónico: blanca.roig@usc.es

Ao longo do curso están programadas 3 horas (repartidas en 3 sesións) de titoría personalizada, dedicadas á explicación de cuestións metodolóxicas e á información acerca da bibliografía xeral e os recursos existentes sobre os diferentes contidos da materia.

## **2. Sentido da materia no perfil da titulación**

### **2.1. Bloque formativo ao que pertence a materia**

Esta materia intégrase no Maior (120 ETCS), no Módulo optativo de especialización en Lingua e Literatura Galegas, de tal xeito que forma parte dun grupo de materias dirixidas a profundar en coñecementos específicos e proporcionar ao alumnado as competencias e destrezas que lle garantan unha completa formación avanzada nesa titulación; no caso concreto desta materia, unha información e formación o máis completas posíbeis en Literatura Infantil e Xuvenil galega en canto ás súas singularidades sistémicas e cronolóxicas, movementos, correntes formais e temáticas, autores e obras que a conforman para convertelos en bos especialistas e mediadores.

### **2.2 Papel que xoga a materia no Plano de Estudos**

Dentro do Maior Plus, é unha materia optativa de especialización. Polo tanto, oriéntase a proporcionar coñecementos específicos moi ausentes na titulación do Grao. A materia garántelle ao alumnado que a elixa a adquisición dunha competencia básica para ser un bo mediador no seu máis amplo sentido.

## **3. Obxectivos e competencias.**

### **3.1. OBXECTIVOS:**

**Xeral:** Reflexionar sobre a importancia da Literatura Infantil e Xuvenil galega no contexto de socialización e desenvolvemento das persoas para:

- Coñecer o desenvolvemento do sistema literario galego infantil e xuvenil, en especial do subsistema xuvenil.
- Coñecer os textos literarios e como se foron conformando.
- Profundar nos autores clásicos e nas obras canonizadas.
- Formar cara á lectura comprensiva e analítica dende a capacitación literaria e lectora.

**Específicos:** Preparar ao estudiantado para afondar, cos instrumentos adecuados e os métodos sistémicos e filolóxicos, no estudo da Literatura Infantil e Xuvenil galega no decurso da historia, e na análise e interpretación dalgúns dos textos máis significativos e máis relacionados cos seus perfís profesionais. Todo isto coa finalidade de formalos literariamente e animalos á lectura para convertelos en bos mediadores, comunicadores e lectores a partir dunha educación literaria que sirva para:

1. Informar do desenvolvemento da Literatura Infantil e Xuvenil Galega en particular e da provinte da transmisión oral, fixándose sobre todo no subsistema xuvenil.
2. Fixar a atención nos feitos e autores máis importantes para a banda de idade dos discentes que terán que formar e educar literariamente.
3. Sensibilizar cara a unha literatura xerada, case sempre, nun clima de anormalidade e marxinação.

### **3.2. COMPETENCIAS:**

#### **Saber (Coñecementos disciplinares)**

- Coñecer de forma panorámica a Literatura Infantil e Xuvenil galega necesaria para calquera mediador. Informar especialmente da evolución do subsistema Xuvenil debido á idade do discente receptor ao que terá que formar o futuro profesorado e mediador en xeral que se está a especializar.

- Saber das características e vicisitudes que definiron e condicionaron esta literatura.
- Recoñecer as obras e autores máis salientábeis adecuados aos futuros discentes.
- Dotar de técnicas para apreciar a calidade das obras dende o punto de vista literario e lingüístico.
- Ler e interpretar textos fundamentais do período estudado.
- Adquirir a formación necesaria para identificar as peculiaridades que caracterizan a Literatura Infantil e Xuvenil galega.
- Relacionar os coñecementos adquiridos con outros de carácter interdisciplinar sobre o contexto social, cultural e lingüístico no que se desenvolveu a Literatura Infantil e Xuvenil galega, adquiridos noutras materias.

#### **Saber facer, saber estar e saber ser (Competencias profesionais e persoais)**

- Capacidade de análise e síntese.
- Capacidade de organización, planificación e información.
- Capacidade para o razoamento crítico e autocrítico.
- Capacidade para a comunicación oral e escrita.
- Capacidade para tomar decisións.
- Capacidade para traballar en equipo e colaborar con outras persoas.
- Capacidade para familiarizarse no uso de técnicas e recursos de ensinanza-aprendizaxe.
- Capacidade para deseñar e confeccionar os seus propios materiais curriculares tanto por métodos clásicos coma coas novas tecnoloxías.
- Capacidade para a consulta de bases de datos na web e discriminalas pola súa calidade.

- Capacidade para recoñecer a diversidade, a multiculturalidade e compromiso ético.
- Capacidade para a creatividade.
- Capacidade como mediadores.
- Capacidade para saber narrar, recitar e dramatizar.

## **4. Contidos da materia**

### **4.1. Descritor**

Percorrido cronolóxico polo proceso de configuración e desenvolvemento do corpus literario infantil e xuvenil galego dende os textos alborais até a actualidade.

### **4.2. Contidos**

#### **TEMA 1.- INTRODUCCIÓN:**

- A Literatura Infantil e Xuvenil galega: concepto, delimitación e peculiaridades deste sistema literario.
- Periodización.
- Bibliografía instrumental.
- A literatura Infantil e Xuvenil galega e o(s) seu(s) canon(s).

#### **TEMA 2.- A SOCIEDADE GALEGA NA ÉPOCA MEDIEVAL:**

- Contexto socio-político cultural.
- Axentes que interveñen na comunicación literaria en xeral (mediación, produción, recepción).
- Ausencia de Literatura Infantil e Xuvenil.

#### **TEMA 3. OS SÉCULOS ESCUROS:**

- Causas histórico-socio-políticas do esmorecemento da literatura galega entre os séculos XV e XVIII (mediación, produción, recepción).
- A prehistoria da Literatura infantil e xuvenil. Os precursores da Literatura Infantil e xuvenil.

#### TEMA 4. O SÉCULO XIX. REXURDIMENTO:

- Contexto socio-político cultural.
- Axentes que interveñen na comunicación literaria (mediación, produción, recepción)
- Consolidación das literaturas dos países desenvolvidos. Textos fundacionais.
- Atoutiños da Literatura Infantil e Xuvenil galega.

#### TEMA 5. O SÉCULO XX (1900-1950)

- Repercusións socio-político-culturais e inicio da configuración da Literatura Infantil e Xuvenil (mediación, produción, recepción)
- Primeiras manifestacións.
- A guerra civil: os novos anos escuros para a literatura galega e a súa repercusión .

#### TEMA 6. O SÉCULO XX (1950-1980): CONSTITUCIÓN DO SISTEMA LITERARIO.

- Contexto socio-político cultural e axentes que interveñen na comunicación literaria (mediación, produción, recepción)
- Formación da Literatura Infantil e Xuvenil.
- Primeiros clásicos e primeiras obras canonizadas.

#### TEMA 7: O SÉCULO XX (1980-2000): CONSOLIDACIÓN.

- Contexto socio-político cultural e axentes que interveñen na comunicación literaria (mediación, produción, recepción)
- Consolidación da Literatura Infantil e Xuvenil.
- Principais correntes formais e temáticas.
- Comentario das obras canonizadas. Primeiros clásicos contemporáneos.

#### TEMA 8. O SÉCULO XXI. INNOVACIÓNS.

- Contexto socio-político cultural e axentes que interveñen na comunicación literaria (mediación, produción, recepción)

- Innovación na Literatura Infantil e Xuvenil.

### 4.3. Bibliografía básica e complementaria:

**Blanco, Domingo** (1994), *Historia da Literatura popular galega*, Santiago de Compostela: Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela.

**Equipo Glifo** (1998-2003. Grupo formado por Anxo Tarrío (dir.), Anxo Abuín González, Fernando Cabo Aseguinolaza, Arturo Casas, Boanca-Ana Roig Rechou e Darío Villanueva), *Diccionario de termos literarios, vol. I (A-D), vol. II (E-H)*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Tamén dispoñíbel en base de datos no sitio <http://www.cirp.es/>.

**Fernández Paz, Agustín** (1999), *A Literatura infantil e xuvenil en galego*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

**Lluch, Gemma** (2010) con la colaboración de Fundalectura Colombia, *Cómo seleccionar libros para niños y jóvenes. Los comités de valoración en las bibliotecas escolares e públicas*, Asturias: Ediciones Trea.

**Roig Rechou, Blanca-Ana** (2000), *Informes de Literatura 1995-2010*, [www.cirp.es](http://www.cirp.es). Cd-Rom

**Roig Rechou, Blanca-Ana** (2000), *A poesía infantil e xuvenil galega*, Santiago de Compostela. Gálix/Teófilo Piñeiro edicións.

\_\_\_\_\_ (2002), “La literatura infantil y juvenil en Galicia”/ “A literatura infantil e xuvenil en Galicia”, cap. 8, en Anxo Tarrío Varela (coords.), *La Literatura desde 1936 hasta principios del siglo XXI: Narrativa y traducción/A literatura dende 1936 ata principios do século XXI: Narrativa e traducción*, A Coruña: Hércules Ediciones, pp. 382-501.

\_\_\_\_\_ (2004), “Contexto”, *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas, de Carlos Casares*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, IGAEM.

\_\_\_\_\_ e Gemma Lluch (coords.) (2005), *Para entenderte mellor. As literaturas infantís e xuvenís do marco ibérico. Monográfico do Boletín Galego de Literatura*, nº 32, Universidade de Santiago de Compostela.

\_\_\_\_\_ Isabel Soto López e Pedro Lucas, coordinadores (2005), *Hans Christian Andersen, Jules Verne e El Quijote na literatura infantil e xuvenil do marco ibérico*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

- \_\_\_\_\_ Isabel Soto López e Pedro Lucas Domínguez, coordinadores (2006), *Multiculturalismo e identidades permeáveis na literatura infantil e xuvenil*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia/Fundación Caixa Galicia.
- \_\_\_\_\_ José António Gómez (2007), *Grandes Autores para Pequenos Leitores. Literatura para a infância e a juventude: Elementos para a construção de um cânone*, Porto: Deriva Editores.
- \_\_\_\_\_ (Coordinadora con Isabel Soto López e Pedro Lucas Domínguez, 2007), *Teatro infantil do texto á representación*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia/Fundación Caixa Galicia.
- \_\_\_\_\_ (2008), *A Literatura Infantil e Xuvenil galega no século XXI. Seis chaves para entendela mellor/La Literatura Infantil y Juvenil gallega en el siglo XXI. Seis llaves para entenderla mejor*, Santiago de Compostela/Xunta de Galicia. Páxina web persoal de Blanca-Ana Roig (<http://webspersoais.usc.es/persoais/blanca.roig/>)
- \_\_\_\_\_ (2008), Pedro Lucas Domínguez e Isabel Soto López (coords.), *A guerra civil española na narrativa infantil e xuvenil*, ilustr. José María Mesías Lema, Vigo: Edicións Xerais de Galicia/Fundación Caixa Galicia.
- \_\_\_\_\_ Ana Margarida Ramos e José António Gómez (coords.) (2009), *Teatro para a Infância e Juventude. Aproximações à literatura dramática*, Porto: Deriva Editores.
- \_\_\_\_\_ Ana Margarida Ramos, José António Gomes, Sara Reis e Marta Neira (coords.) (2009), *A memória nos libros: Historia e histórias*, Porto: Deriva Editores.
- \_\_\_\_\_ Isabel Soto López e Marta Neira Rodríguez (coords.) (2009), *A poesía infantil no século XXI (2000-2008)*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- \_\_\_\_\_ Isabel Soto López e Marta Neira Rodríguez (coords.) (2010), *Reescrituras do conto popular (2000-2009)*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- \_\_\_\_\_ José António Gomes, Isabel Mociño e Ana Margarida Ramos (coords.) (2010), *Maré de Livros*, Porto: Deriva Editores, col. Deriva, n.º 15.
- \_\_\_\_\_ Isabel Mociño, Mónica Domínguez (2010), *Producción da literatura infantil e xuvenil en galego*. Publicación en liña dende o ano 2005 que se pode consultar na páxina persoal de Blanca-Ana Roig Rechou (<http://webspersoais.usc.es/persoais/blanca.roig/>), concretamente no apartado “Publicacións para a rede” ([http://webspersoais.usc.es/persoais/blanca.roig/publicacion\\_rede.html](http://webspersoais.usc.es/persoais/blanca.roig/publicacion_rede.html)), e na páxina da Rede Temática LIJMI (<http://www.usc.es/lijmi/>), concretamente no apartado “Publicaciones en línea”.
- \_\_\_\_\_ Isabel Soto López e Marta Neira Rodríguez (coords.) (2011), *O álbum na literatura infantil e xuvenil (2000-2010)*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia.


**Tarrío Varela**, Anxo (1988), *Literatura gallega*, Madrid: Taurus

**Tarrío Varela**, Anxo (1994), *Literatura galega (Aportacións a unha historia crítica)*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia.


**OUTRAS FONTES BIBLIOGRÁFICAS:** historias literarias, monografías específicas, revistas, dicionarios, enciclopedias, repertorios bibliográficos, web, portais, etc. daranse nas aulas. Serán obxecto de comentarios, traballos e lecturas guiadas.

#### 4.4. Desenvolvemento do temario:

A continuación desenvolverase o temario, indicando a estrutura do programa (articulado en 8 temas) mediante o seguinte esquema.



TEMA 1: INTRODUCCIÓN.



#### 1. 1 Sentido do tema

A finalidade fundamental deste tema radica na necesidade de que o alumnado comprenda, dende este que se supón primeiro achegamento en profundidade á Literatura Infantil e Xuvenil galega, a complexidade dunha literatura que viviu durante moitos séculos na periferia, non só por se escribir en lingua galega senón polo propio sistema até conseguir, xa nos tempos achegados á actualidade, unha posición sistémica recoñecida e institucionalizada, condición esta que lle permite hoxe en día conformar repertorios de canons variados, consecuentes coas diversas posicións de poder no campo literario e coas sensibilidades ideolóxicas decantadas da relación centro/marxe. A

familiarización coa periodización da literatura galega asentada na historiografía xeral e coa bibliografía instrumental máis acaída para o seu estudo serán tamén obxectivos fundamentais deste primeiro tema.

## 1. 2 Epígrafes

- A Literatura Infantil e Xuvenil galega: Concepto, delimitación e peculiaridades deste sistema literario.
- Periodoloxía.
- Bibliografía instrumental.
- A literatura Infantil e Xuvenil galega e o(s) seu(s) canon(s).

## 1. 3 Actividades

Clases interactivas complementarias das explicacións teóricas. Comentario de textos seleccionados ao efecto.

## 4.4 Bibliografía

A Xeral e a específica ademais de fragmentos escolleitos pola profesora de traballos teóricos de perfil sistémico sobre literaturas canonizadas e emerxentes, sobre autores, correntes formais e temáticas.

## TEMA 2: A SOCIEDADE GALEGA NA ÉPOCA MEDIEVAL



### 2.1. Sentido do tema

Recordar co alumnado o contexto xeral socio-político no que se xerou esta literatura que non pensaba nos máis novos como os seus destinatarios específicos. Recordar o sistema de ensinanza. Fixarse naquelas modalidades textuais que sobreviviron ao paso do tempo e a súa relación coa Literatura Infantil e Xuvenil.

## 2.2. Epígrafes

- Contexto socio-político cultural.
- Axentes que interveñen na comunicación literaria en xeral (mediación, produción, recepción).
- Ausencia de Literatura Infantil e Xuvenil

## 2.3. Actividades

Traballarse este tema con textos das diferentes modalidades e xéneros das cantigas e con fragmentos en prosa acaídos a este lectorado, base das producións futuras.

## 2.4 Bibliografía

A Xeral e a específica ademais de fragmentos escolleitos pola profesora de traballos teóricos de perfil sistémico sobre literaturas canonizadas e emerxentes, sobre autores, correntes formais e temáticas.

# TEMA 3: OS SÉCULOS ESCUROS



## 3.1. Sentido do tema

Recordar o desprazamento paulatino que experimentou a lingua galega como lingua da administración e da cultura a prol do castelán a partir, fundamentalmente, do

século XV e analizar os textos que se preocuparon polo tipo de ensino e polas recompilacións de transmisión oral. Revisitar aos precursores da LIX universal.

### 3.2. Epígrafes

- Causas histórico-socio-políticas do esmorecemento da literatura galega entre os séculos XV e XVIII (mediación, produción, recepción).
- A prehistoria Da Literatura Infantil e Xuvenil.

### 3.3. Actividades

Analizar algúns dos textos precursores da LIX e os galegos máis acaídos. O alumnado fará pequenos traballos en grupo relacionando educación, arte e literatura.

### 3. 4. Bibliografía

A Xeral e a específica ademais de fragmentos escolleitos pola profesora de traballos teóricos de perfil sistémico sobre literaturas canonizadas e emerxentes, sobre autores, correntes formais e temáticas.

## Temas 4: O SECULO XIX: REXURDIMENTO



### 4.1. Sentido dos temas

Iniciar o alumnado nos textos que centran o debate político e ideolóxico cara a un sistema educativo que comeza a contemplar obras dirixidas aos novos e nas que se reflicte que o sistema educativo está a frear o rexurdir deste sistema. Revisitar os textos

fundacionais da LIX universal, cómo se introduciron no sistema educativo e a súa influencia nos creadores galegos de obras para os máis novos.

#### 4.2. Epígrafes

- Contexto socio-político cultural.
- Axentes que interveñen na comunicación literaria (mediación, produción, recepción)
- Atoutiños da Literatura Infantil e Xuvenil.

#### 4.3. Actividades

Exposicións teóricas por parte da profesora e traballo conxunto co alumnado para o achegamento axeitado aos textos fundamentais. Pequenos traballos individuais de libre elección sobre os contidos do tema.

#### 4.4. Bibliografía

A Xeral e a específica ademais de fragmentos escolleitos pola profesora de traballos teóricos de perfil sistémico sobre literaturas canonizadas e emerxentes, sobre autores, correntes formais e temáticas.

TEMA 5 O SÉCULO XX ( 1900-1950)



#### 5.1. Sentido do tema

Recordar co alumnado o contexto xeral socio-político que permitiu que se producisen as primeiras publicacións en lingua galega con paratextos específicos, sobre todo o inicio da conformación dun lectorado e dunha educación literaria cara á consecución de lectores competentes. Comparar a produción desta literatura emerxente coas correntes e tendencias que xa se instalaran nos países máis desenvolvidos. Analizar as consecuencias da Guerra civil e o desprazamento da produción galega cara a fóra de Galicia, ao exilio, a situación do sistema educativo. Analizar a produción do momento e a súa recepción polo lectorado galego.

## **5.2. Epígrafes**

- Repercusións soio-político-culturais e inicio da configuración da Literatura Infantil e Xuvenil (mediación, produción, recepción)
- Primeiras manifestacións.
- A guerra civil: os novos anos escuros para a literatura galega e a súa repercusión .

## **5.3. Actividades**

Traballárase este tema con textos das diferentes modalidades e xéneros galegos e da LIX universal. O alumnado realizará traballos sobre as correntes que se abriron na LIX galega e sobre as abertas noutras literaturas para seguir a súa evolución.

## **5.4 Bibliografía**

A Xeral e a específica ademais de fragmentos escolleitos pola profesora de traballos teóricos de perfil sistémico sobre literaturas canonizadas e emerxentes, sobre autores, correntes formais e temáticas.

## TEMA 6: O SÉCULO XX (1950-1980): CONSTITUCIÓN DO SISTEMA LITERARIO.



### 6.1. Sentido do tema

Recordar os acontecementos socio-políticos culturais e reflexionar sobre os axentes que fixeron posíbel a constitución deste sistema literario. Analizar as obras que se publicaron no período, as novas correntes temáticas e formais con especial atención aos autores que podemos considerar os primeiros clásicos.

### 6.2. Epígrafes

- Contexto socio-político cultural e axentes que interveñen na comunicación literaria (mediación, produción, recepción)
- Formación da Literatura Infantil e Xuvenil.
- Primeiros clásicos e primeiras obras canonizadas.


### 6.3. Actividades

Analizar os textos. O alumnado fará pequenos traballos en grupo das correntes temáticas e formais que xurdiron.

### 6.4. Bibliografía

A Xeral e a específica ademais de fragmentos escolleitos pola profesora de traballos teóricos de perfil sistémico sobre literaturas canonizadas e emerxentes, sobre autores, correntes formais e temáticas.

## TEMA 7: O SECULO XX (1980-2000): CONSOLIDACIÓN



### 7.1. Sentido dos temas

Analizar as institucións fundamentais que fixeron posíbel esta consolidación, a influencia desta literatura no mercado editorial e a visualización no exterior. Analizar as correntes formais e temáticas, as novas e as que seguen as iniciadas noutras literaturas. Comentar as obras canonizadas, fundamentalmente, e os primeiros clásicos contemporáneos. Ver que elementos identitarios se transmiten e as intertextualidades, como referentes fundamentais.

### 7.2. Epígrafes

- Contexto socio-político cultural e axentes que interveñen na comunicación literaria (mediación, produción, recepción)
- Consolidación da Literatura Infantil e Xuvenil.
- Principais correntes formais e temáticas.
- Comentario das obras canonizadas. Primeiros clásicos contemporáneos.

### 7.3. Actividades

Exposicións teóricas por parte da profesora e traballo conxunto co alumnado para o achegamento axeitado aos textos fundamentais. Pequenos traballos individuais de libre elección sobre os contidos do tema.

#### **7.4. Bibliografía**

A Xeral e a específica ademais de fragmentos escolleitos pola profesora de traballos teóricos de perfil sistémico sobre literaturas canonizadas e emerxentes, sobre autores, correntes formais e temáticas.

### TEMA 8: O SECCULO XXI: INNOVACIÓNS



#### **8.1. Sentido dos temas**

Recordar a actividade dos axentes da comunicación literaria. Analizar as innovacións temáticas e formais e as novas voces.

#### **8.2. Epígrafes**

- Contexto socio-político cultural e axentes que interveñen na comunicación literaria (mediación, produción, recepción)
- Innovación na Literatura Infantil e Xuvenil.

#### **8.3. Actividades**

Exposicións teóricas por parte da profesora e traballo conxunto co alumnado para o achegamento axeitado aos textos fundamentais. Pequenos traballos individuais de libre elección sobre os contidos do tema.

#### **8.4. Bibliografía**

A Xeral e a específica ademais de fragmentos escolleitos pola profesora de traballos teóricos de perfil sistémico sobre literaturas canonizadas e emerxentes, sobre autores, correntes formais e temáticas.

## **5. Indicacións metodolóxicas e atribucións de carga ECTS**

A distribución oficial dos créditos desta materia repartirase nas clases expositivas e clases interactivas necesarias, dependendo da matrícula, ademais de tres horas de titorías personalizadas, para responder á metodoloxía que se pretende aplicar ao longo do curso.

A clases expositivas serán de contido teórico, nas que a profesora presentará os temas do programa incidindo nos aspectos que considere máis relevantes.

As sesións interactivas de carácter práctico, nas que se levarán a cabo actividades diversas relacionadas coas exposicións teóricas e comentarios de texto pertinentes, son de asistencia obrigatoria. Estas prácticas revestirán diversas modalidades pero incidirán, sobre todo, no comentario de textos. Outros tipos de prácticas serán menos frecuentes, como audicións de música, visionado dalgún audiovisual e realización de cánones. A profesora encargará a realización de pequenos traballos en relación coa temática da materia, ou a asistencia a algunha conferencia, que se comentarán nas sesións de titoría personalizada. A organización destas titorías personalizadas non impide comunicacións asincrónicas a través do correo electrónico.

Utilizarase a plataforma virtual tanto para a distribución de material e recursos coma para a comunicación co alumnado.

A Literatura Infantil e Xuvenil galega é unha materia de 6 créditos equivalentes no sistema ECTS a 150 horas de traballo do alumnado, correspondentes a 25 horas por crédito e distribuídas do seguinte xeito:

**Actividades presenciais:** 54 horas

Clases expositivas: 32

Clases interactivas: 16

Titorías personalizadas: 3

Sesións de avaliación: 3

**Actividades non presenciais dirixidas: 21**

**Actividades non presenciais de traballo autónomo: 75**

As 21 horas de actividade dirixida ocuparanse na lectura de textos e preparación de traballos propostos.

As 75 horas de traballo autónomo do alumno ocuparanse libremente ao estudo da materia, consultas bibliográficas recomendadas e preparación de exames.

ACTIVIDADES	HORAS PRESENCIAIS	TRABALLO DIRIXIDO	TRABALLO AUTÓNOMO
Clases expositivas	32		40
Clases interactivas	16		20
Tit. Personalizadas	3	21	
Sesións avaliación	3		
Actividades libres en relación coa materia			15
<b>TOTAL</b>	<b>54</b>	<b>21</b>	<b>75</b>

## **CALENDARIO**

### **Setembro**

**15 setembro.** 1ª CLE: presentación do programa e inicio do primeiro tema.

## INTRODUCCIÓN

**16 setembro.** 2ª CLE .Continuación do comentario teórico sobre o Tema 1. 1ª CLI.  
Práctica.

**22 de setembro:** 3ª CLE. Tema 2: A SOCIEDADE GALEGA NA ÉPOCA  
MEDIEVAL:

**23 de setembro.** 2ª CLI. Práctica.

**29 de setembro.** 4ª CLE. Tema 3: OS SÉCULOS ESCUROS:

**30 de setembro.** 3ª CLI. Práctica

## Outubro

**6 Outubro.** 5ª CLE. Tema 4: O SÉCULO XIX. REXURDIMENTO:

**7 Outubro.** 4ª CLI. Práctica

**13 outubro.** 6ª CLE. Tema 5: O SÉCULO XX (1900-1950):

**14 outubro.** 5ª CLI. Práctica.

**20 outubro.** 7ª CLE. Tema 6: O SÉCULO XX ( 1950-1980): Constitución do sistema  
literario.

**21 outubro.** 6ª CLI. Práctica

**27 outubro.** 8ª CLE. Tema 6. Continuación

**28 outubro.** 7ª CLI. Práctica.

### **Novembro**

**3, 10, 17, 24 novembro.** 9ª, 10ª, 11ª, 12ª CLE. Tema 7: FORMACIÓN E CONSOLIDACIÓN (1980-2000) :

**4, 11, 18, 25 novembro:** 8ª, 9ª, 10ª, 11ª CLI. Practicas.

### **Decembro**

**1 decembro.** 13ª CLE: Tema 7. Continuación.

**2 decembro.** 12ª CLI. Práctica.

**15, 22 decembro:** 14ª, 15ª, CLE: Tema 8: SÉCULO XXI. Innovacións.

**9, 16 decembro:** 13ª, 14ª, 15ª CLI. Práctica.

### **Xaneiro 2011**

**12 decembro:** 16ª CLE: Tema 8. Continuación.

**13 decembro:** 16ª CLI. Práctica

## **EXAMES:**

**Exame ordinario final do semestre: 19 xaneiro** ás 9'00 na aula 7

**Exame extraordinario: 6 xullo** ás 9'30 na aula 8

## **AVALIACIÓN**

### **Consideracións xerais.**

O alumnado será avaliado por:

#### **1. Exames teórico-prácticos** nos que terá que demostrar que coñece o programa:

- Un parcial que se realizarán ao rematar o programa. Dada a súa voluntariedade, este exame non poderá ser revisado polo alumnado coa finalidade de que sexa el mesmo quen se avalíe, avaliación que pode coincidir coa da profesora ou non.

Por esta razón consérvase a nota do exame parcial durante o curso, co exame final pode variarse esta cualificación, sempre para mellor. Nos meses de xaneiro, febreiro e de xullo, coincidindo cos exames oficiais poderán revisarse todos os exames.

- Un final que se realizará na data que marque o centro e que xa se especificou máis arriba. Deberán presentarse a este exame os alumnos que non superaron a materia ou que desexen subir nota.

5 puntos (50% da avaliación total).

#### **2. Actividades a realizar:**

Comentarios das obras de lectura obrigada, da bibliografía que se lles mande ler ou daqueles outros traballos encomendados que se darán nas aulas e nas horas de titorías.

3 puntos (30% da avaliación total).

Participación na clase e valoración do aproveitamento a través de exames e traballos.

2 puntos (20% da avaliación total).

Na convocatoria de xullo o alumnado será avaliado, segundo as porcentaxes sinaladas anteriormente, por:

1. Un exame final na data fixada polo centro.
2. Os traballos e/ ou exercicios obrigatorios non presentados no seu momento ou non superados. A avaliación positiva dos traballos e/ou das actividades obrigatorias gardaráselles para esta convocatoria.

A NOTA FINAL en ambas as convocatorias é o resultado da suma das notas adquiridas en cada parte, unha vez que foi aprobado o exame, en caso negativo non se realizarán as sumas das cualificacións de cada parte.

Para o alumnado que por circunstancias persoais xustificadas non poida asistir sistematicamente ás aulas, a súa avaliación realizarase a partir do punto 1 e 2, sempre que establezan contacto coa profesora para indicarlle os traballos específicos que teñen que realizar.